

## Xusto e Xoana

RICARDO GARCIA GONDELL \*

*Xoana, moza bela e gallarda.  
Xusto moi feito e nembrudo.  
Fítanse decote na foliada,  
ollos brillantes e corazóns de forzado.  
Sentíronse arrolar, un pró outro,  
coma botados pola forza do raio.  
Mentras as olladas, no alcontro,  
tecían loceiros e frores de maio.  
Os dous erguidos, reparan de sí  
ó bailar, no ir e vir, e toparse  
rebulindo, en cada un pra sí,  
ledicia de amore e sempre lembrarse.  
A Lua saíndo por Abelares,  
agachouse satisfeita destes amores,  
sino e afinamento de novos lares,  
namentras o Sol, saía cos seus cantares.  
Xoana e Xusto, sintense felices,  
mais o Diaño, con tiduo de Conde,  
furaba a felicidade até as raíces,  
ou sabe o Demo hastra onde.  
Xusto, ferreiro de estirpe garella.  
Xoana, moza feiticeira e agarimosa.  
Exemprar fermosa, da terra nosa.  
Familia de servos labregos, era ela.  
A Don Nuño García, Conde de San Martiño,  
fendíañe os sentidos a garrida Xoana.  
Os seus baixos precuramentos de cariño,  
tiñan anguriada, á belida Xoana.  
O meu Xusto quer amores,  
i o Conde teima favores.  
Xurei querelo deica a cova,  
i este amore non hai Conde que o mova.  
O Conde soñaba cheo de luxuria,  
ca plebeia Xoana.  
O ferreiro non dormía ca anguria,  
de que lle roubaran á sua Xoana.  
Queimáballe mais aquel amore  
o corazón, que as maus os ferros  
roxos, que el martelaba con queimore,  
pra ferraduras de vacas e becerros.*

*Cheo de vixilias, dou en cavilar,  
como ca sua Xoana, se alonxar.  
Dos ferros, pra rodas e ferraduras  
faría espadas e armaduras.  
Xuntáronse na eirexa, un día ó abrir,  
para deseguida, casarse e fuxir.  
¡Serei tua ou aberta da morte!  
¿Do Conde? Prefero que me aforque.  
A tiranía de Don Nuño, non acougaba.  
Ollando as forcas das almenas,  
coa familia de Xoana. Así falaba:  
Acó no leito, Xoana, senon ias penas.  
Nin o premer de Don Nuño,  
nin a axuda do Marqués de Aruño,  
amoleceron a tesa Xoana.  
Erguida no seu amore, de moza sana.  
A luz da Lua repinicaba,  
enriba das almenas do castelo,  
mentras Xusto e Xoana, fuxían ó Fontelo,  
onde a traición agardaba.  
Don Nuño, no seu despotismo medieval,  
topaba ca forte moral  
daqueles amores plebeios,  
tan dinos, como belos.  
Indo Xusto pra mercar un faco,  
as mesnadas furaron o Fontelo a saco.  
Levando a Xoana prendida.  
¡Meu Xusto, estou perdida!  
A garrida e sinxela Xoana, na lumeirada  
co ferreiro nos beizos, morreu queimada.  
Namentras él pra salvala loitaba,  
e alí finou, mentras fería e mataba.  
Exemplo de amore afincado.  
Facho da libertade do pobo magoado.  
O seu esprito de revolta,  
foi cantiga das xentes prá liorta.  
Ó decorrer dos anos arderon castelos,  
onte tiranía prós garelos.  
I ós berros de guerra.  
¡Xusto e Xoana! Facían tremer a terra.  
Fados da libertade na Mariña,  
non hai prá loita na campiña,  
sexo ou idade,  
sexa a liorta no pobo ou cidade.*

\* Ricardo García Gondell naceu en Betanzos. E autor de diversas poesías, moitas delas publicadas. Contable e axente comercial en exercicio, foi teniente de Alcalde na Primeira Corporación Democrática como portavoz do P.C.G.